

## **A Cámara ensina ás empresas a prever riscos na exportación**

**Ferrol. 29/09/2009.** A Cámara de Comercio de Ferrol organiza, para os próximos días 5 e 6 de outubro, un seminario gratuito no que dará a coñecer ás empresas os mecanismos que serven para prever e limitar os riscos derivados dos procesos de expedición de mercancías a outros países.

Na primeira parte desta acción formativa abordaranse os riscos comerciais e financeiros, como son a falta de pago ou as oscilacións no cambio de divisas, e as medidas que se poden adoptar para minimizalos: garantías bancarias, reserva de dominio, seguro de crédito á exportación e cobertura do risco de cambio.

A prevención dos riscos loxísticos, é dicir, os derivados de posibles perdas, danos e atrasos no transporte, centrarán os contidos da segunda parte.

Para este último trimestre do ano, a Cámara programou outras actividades formativas que teñen que ver coa mellora da xestión das operacións internacionais. É o caso de senllas xornadas sobre a redución de custos no transporte e os erros a evitar nos documentos da exportación.

Tamén está previsto un curso sobre técnicas de presentación en inglés dirixido a aquelas persoas que necesitan usar este idioma de xeito habitual nun ámbito profesional.

As persoas interesadas en inscribirse en calquera destas actividades poden dirixirse ao departamento de formación da entidade (Tel. 981 333165-Ext. 2). Tamén se poden consultar datas, programas e condicións de participación na web [www.camaraferrol.org](http://www.camaraferrol.org).

